



A IMPORTANCIA DA SOSTIBILIDADE AMBIENTAL E SOCIOECONÓMICA DAS RÍAS BAIXAS COMO MOTOR DA ECONOMÍA AZUL NA CONTORNA DA REDE NATURA 2000

A2_Campaña de sensibilización da poboación infantil

“A biodiversidade e xestión pesqueira sostible das Rías Baixas de Pontevedra”

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DEBUXO +RÍAS

1. Ámbito do concurso de debuxo

O presente concurso de debuxo enmárcase na acción A2_Campaña de sensibilización da poboación infantil “A biodiversidade e xestión pesqueira sostible das Rías Baixas de Pontevedra” do proxecto “+Rías”, que ten como obxectivo principal aumentar, a través dun enfoque integrador e participativo, a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre as e os profesionais do mar, a poboación infantil e a sociedade en xeral con respecto aos impactos da actividade do ser humano no medio costeiro e mariño, así como transmitir a importancia da protección e conservación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños e, en particular, en espazos protexidos, poñendo en valor os produtos do mar locais e sostibles.

2. Persoas destinatarias e requisitos

Nenas e nenos, a título individual, que estean matriculados nos centros educativos seleccionados para participar nos obradoiros contemplados na acción A2_Campaña de sensibilización da poboación infantil “A biodiversidade e xestión pesqueira sostible das Rías Baixas de Pontevedra” do proxecto “+Rías”.

Os centros educativos que participarán no concurso de debuxo serán os mesmos que foron seleccionados para participar nos obradoiros “+Rías”, atendendo aos seguintes criterios:

1. Número alumnas e alumnos: entre 30 e 40 por centro educativo
2. Curso: 5.º e/ou 6.º de primaria
3. Proximidade a espazos da Rede Natura 2000
4. Proximidade ao lugar onde se desenvolverá o obradoiro no exterior
5. Instalacións da confraría adaptadas á educación ambiental ou á realización actividades de turismo mariñeiro

Relación de centros seleccionados:

Ría	Centro educativo	Curso	Concello
Ría de Pontevedra	CEIP PLURILINGUE A FLORIDA	5.º de educación primaria	Sanxenxo
	CEIP PLURILINGUE A FLORIDA	6.º de educación primaria	
	CEIP AS COVAS	5.º e 6.º de educación primaria	Meaño
	CEIP AS CHANCELAS	5.º e 6.º de educación primaria	Poio
Ría de Arousa	CEIP ANTONIO MAGARIÑOS PASTORIZA	5.º de educación primaria	Cambados
	CEIP DE CORVILLÓN	5.º e 6.º de educación primaria	
	CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO	5.º e 6.º de educación primaria	Vilanova de Arousa
Ría de Vigo	CEIP DE REBORDA	6.º de educación primaria	Redondela
	CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE	6.º de educación primaria	A Guarda

O número de alumnas e alumnos que participarán nos obradoiros, e polo tanto poderán participar no concurso de debuxo é douscentos corenta e oito (248).

3. Temática e técnica do concurso de debuxo

O tema central do concurso é a **biodiversidade e a pesca e marisqueo sostibles nas Rías Baixas de Pontevedra**. Previo ao concurso, as nenas e nenos participarán en dous obradoiros sobre a temática, nos que aprenderán e se sensibilizarán sobre a temática do concurso.

Poderanse abarcar temas clave como:

- Lixos mariños.
- Contaminación.
- Explotación sostible de recursos mariños (pesca e marisqueo artesanal).
- Protección da biodiversidade mariña e dos espazos Rede Natura 2000.
- Especies alóctonas ou exóticas invasoras.
- Perspectiva de xénero na economía azul, concretamente no marisqueo das Rías Baixas pontevedresas.

Cada nena ou neno participante poderá presentar unha soa obra, na que poderá utilizar calquera técnica artística (exceptuando a purpurina e similares que conteñan plásticos ou microplásticos, así como tintas metálicas), e o formato de presentación será en DIN-A4.

Os traballos presentados deberán ser orixinais; entenderase por traballo ou proxecto orixinal aquel que non fose copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior.

4. Premios

Entre todos os debuxos presentados, o xurado elixirá tres gañadores que recibirán un premio que consistirá nunha mochila, gorra, botella de aluminio ou aceiro e prismáticos.

5. Inscripción no concurso

As nenas e nenos interesados en participar inscribíranse por medio da súa nai, pai ou titores legais a través do formulario que se lles fará chegar desde o centro educativo.

6. Prazo, lugar e requisitos de entrega de obras

- O prazo de presentación das obras remata o **13 de xuño de 2025**.
- As obras serán recollidas por persoal da asistencia técnica deste proxecto (Babadiva Ambiental) nos centros educativos na data acordada.

- Os traballos presentaranse en sobre pechado e non dobrado. No exterior do sobre indicárase:
 - CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL +RÍAS
 - Número identificativo (será proporcionado pola asistencia técnica do concurso)
- Dentro dun segundo sobre pechado consignarase a seguinte información:
 - Número identificativo
 - Nome e apelidos da autora ou autor
 - Idade
 - Centro educativo

7. Xurado

- A selección e a concesión dos premios obxecto deste concurso realizaranse segundo a proposta dun xurado integrado por:
 - Representantes da Deputación de Pontevedra:
 - Deputado de Medio Ambiente e Mar
 - Xefa do Servizo de Medio Ambiente
 - Técnica ou técnico de Medio Ambiente
 - Xefa do Servizo de Comunicación
 - Representantes da Confraría de Pescadores da provincia de Pontevedra:
 - Presidente
 - Secretario
- As decisións do xurado serán inapelables.
- Os traballos que cumpran os requisitos e sexan admitidos remitiránse ao xurado, que examinará e valorará as diferentes obras e propoñerá a adxudicación dos premios; valorarase a técnica, a innovación, a composición, a estética, a creatividade e a mensaxe que transmitan.
- Entre todos os debuxos presentados elixiranse tres (3) nenas ou nenos gañadores, e tres (3) máis de reserva.
- A decisión do xurado tamén se fará pública na páxina web do proxecto (<https://www.depo.gal/es/-/proxecto-mais-rias>).
- En caso de que non fose posible contactar coas nenas ou nenos gañadores por medio do número de teléfono ou correo electrónico facilitado, ou non se aceptase o premio, contactarase coa nena ou neno participante que ocupe o posto inmediatamente posterior na lista de persoas seleccionadas, que deberá reunir os mesmos requisitos que as e os gañadores.

8. Debuxos presentados e premiados

- As persoas participantes aceptan, coa presentación das súas obras, colaborar con esta institución nas accións de difusión que se organicen no marco do proxecto “+Rías”, e a cesión dos dereitos de edición á Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, nas que sempre se fará constar a autoría.
- A participación neste concurso supón, por parte das persoas participantes, a autorización a esta institución para expoñer, reproducir ou publicar as imaxes ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- O fallo do xurado terá lugar o 13 de xuño de 2025 e será publicado na web (<https://www.depo.gal/es/-/proxecto-mais-rias>) e comunicado aos centros educativos que participan na acción A2_Campaña de sensibilización da poboación infantil “A biodiversidade e xestión pesqueira sostible das Rías Baixas de Pontevedra”.
- A Deputación de Pontevedra, no prazo de dez (10) días desde o fallo do xurado, poñerá en contacto coas nais, pais ou titores legais das e dos nenos autores das obras premiadas, e comunicaralles a data e hora na que terá lugar o acto público de entrega de premios, co fin de que poidan asistir ou designar a persoa que as representará para recoller o premio no suposto de que non puidesen acudir ao acto.
- En todo caso, os debuxos premiados formarán parte dunha exposición que estará presente en tres espazos públicos, aínda por determinar.

9. Debuxos non premiados

- A devolución dos debuxos non premiados efectuarase, a petición das súas autoras ou autores ou das persoas debidamente autorizadas, no prazo máximo dun (1) mes, contado a partir do día no que remate a exposición no marco do proxecto “+Rías”.
- Unha vez transcorrido ese prazo sen que se retirasen, entenderase que as súas autoras ou autores renuncian a súa devolución en favor da Deputación, que poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.
- Para retirar os debuxos, deberán facelo as nais, pais ou titores legais da ou do creador da obra, coa acreditación da súa representación mediante o DNI ou NIE. De recollelo unha persoa distinta, deberá estar debidamente autorizada pola nai, pai ou titor legal, e deberá presentar un escrito de autorización e exhibir o DNI ou NIE de ambas as dúas persoas.

10. Acto de entrega de premios e autorización de difusión de imaxes

As persoas gañadoras e as e os seus familiares deberán indicar, nun documento que se lles facilitará, se autorizan ou denegan expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar no acto de entrega dos premios. Estas imaxes poderán ser empregadas pola Deputación de Pontevedra para difundir de forma efectiva o proxecto “+Rías”.

11. Protección de datos

- Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.
- A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos e no consentimento explícito das persoas interesadas.
- As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://www.depo.gal/t-proteccion-de-datos>.

12. Réxime xurídico

Esta concurso rexeráse polas bases reguladoras e, supletoriamente, pola demais lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* núm. 249, de 30 de decembro de 2016.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

- Demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, normas de dereito privado.

13. Observacións

- Aceptación das bases do concurso

A participación neste concurso supón a aceptación completa destas bases; os supostos que se poidan producir e non estean contemplados nestas bases, quedarán a libre interpretación da organización.

- Cancelación e descualificación

A organización reserva o dereito para cancelar, terminar, modificar ou suspender o concurso, ou a descualificar calquera participante, en caso de que a organización determine que a ou o participante violou as bases do concurso ou alterou ou tentou adulterar o concurso de calquera xeito.

- Exoneración de responsabilidade

Ao participaren, as e os participantes aceptan exonerar de responsabilidade ás e aos organizadores do concurso do proxecto “+Rías”, incluíndo os seus promotores e colaboradores, de calquera responsabilidade por perdas e danos ou mal uso do premio e con respecto a calquera reclamación baseada en dereitos de publicidade, difamación ou invasión á privacidade e da entrega do premio.